

Programa Universitario de Maiores – Campus VIGO

Guía Docente: Curso 2024-2025

Información xeral:

Nome materia	"Tecnoloxía do noso entorno"		
Código /Tipo	IV31201/Materia Obrigatoria		
Titulación	Universitario/a Senior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	3	Total horas presenciais	30
Lingua impartición	Castellano		
Lugar impartición*	Aula 214 Edificio anexo (Escola de Enxeñeiros Industriais, andar 2º)		
Curso / Semestre	Segundo Curso/ 1º Cuadrimestre	Horario*	Martes 16:30-17:30h Xoves 16:30-17:30h
Coordinador/a	José Luis González Cespón		
Profesorado	José Luis González Cespón / José A. Alonso Rodríguez		
Correo-e	epi@uvigo.es / jaalonso@uvigo.es		
Observacións	Nº prazas: 50		

**Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.*

Obxectivos xerais:

- Coñecer a tecnoloxía máis próxima aos estudantes, a tecnoloxía que utilizan, de xeito consciente ou non, na súa vivenda habitualmente.
- Coñecer as posibilidades de mellora e optimización das instalacións tecnolóxicas da súa vivenda.

Metodoloxía docente:

- **Lección maxistral:** A "lección maxistral participativa" será a estratexia metodolóxica utilizada na exposición teórico- práctica dos contidos da materia.
- **Debate:** O profesor presentara o tema do debate. Pode centrarse nun tema dos contidos da materia, na análise dun caso, no resultado dun proxecto, exercicio ou problema desenvolvido previamente nunha sesión maxistral...
- **Saídas de estudo:** Actividades de aplicación, contraste e observación dos coñecementos nun contexto determinado nun espazo externo. (alo menos, unha)

Contidos:

Tema 0.	Presentación da materia. Contidos da materia e avaliación
Tema 1. Concepto de enerxía	Concepto de enerxía. Clases. Tipos parámetros implicados. Tipos enerxía. Medición da enerxía. Unidades habituais de medida.
Tema 2. Escalas.	Representación elemental dos obxectos da vivenda.
Tema 3. Tecnoloxía baseada na electricidade.	Electricidade conceptos básicos. Elementos básicos que compoñen a instalación da nosa vivenda (interruptores, magnetotérmicos, diferenciais, tomas de corrente). Como se diseña. Como funciona a nosa instalación eléctrica. Comprender a factura da electricidade. Normativa.
Tema 4. Tecnoloxía baseada na calor.	Calefacción. Historia e evolución. Elementos que compoñen unha instalación de calefacción básica. Instalacións centralizadas e descentralizadas. Determinación do tipo de instalación da miña vivenda. O frigorífico doméstico. Medidas de eficiencia e aforro enerxético.
Tema 5. Tecnoloxía electromecánica.	O ascensor. Historia do ascensor. Elementos básicos. Funcionamento. Elementos de seguridade.
Tema 6.	Instalación de fontanería da vivenda. Elementos que a compoñen. Instalación

Tecnoloxía dos fluídos.	de saneamento. Elementos que a compoñen.
Tema 7. Tecnoloxía da seguridade na vivenda.	Lume. Triángulo do Lume. Tipos de lume. Compartimentación. Rutas de escape. Elementos de protección contra incendios. Análise da instalación da nosa casa e edificio.

Avaliación:

Asistencia e participación	O 50% da nota corresponderá coa asistencia e participación. Será necesario a asistencia a mais dun 80 % das clases para obter o aprobado na materia.	50 %
Exercicios ou Traballos	A realización destes suporá a mellora da cualificación	50%

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

Esta guía é unha programación didáctica con carácter orientativo que pode experimentar cambios en función de eventualidades diversas que poidan xurdir na súa posta en práctica.